

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISION DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 18 DE XUÑO DE 1993.-

Na Casa do 1ltmo. Concello de Ribadavia o día dezaeito de Xuño de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria urxente da Comisión de Goberno, oportunamente convocada: Alcade-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Xustificou a súa ausencia Don Xosé Sotelo Barroso.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudos dos asuntos que coforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- RATIFICACION DA URXENCIA DESTA SESION.-

Explica o Sr. Alcalde o motivo da urxencia desta sesión, que non é outro có de ve-la forma de aproveita-la oportunidade da solicitude do único asunto a tratarmos. En vista disto, os señores membros da Comisión asistentes ratifican por unanimidade a urxencia desta sesión.

2.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade dos señores membros da mesma presentes amosa o criterio de aprobación do borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 14 de Xuño corrente.

3.- SOLICITUDE PARA A CREACION DUNHA ESCOLA OBRADOIRO.-

A Comisión de Goberno, constituída neste intre coma órgano de asistencia permanente á Alcaldía, e por unanimidade, acorda solicitar do Ilmo. Sr. Director Xeral do Instituto Nacional de Emprego a aprobación para este Concello dunha Escola Obradoiro, baixo o nome de ESCOLA OBRADOIRO AVIA, e asemade a correspondente subvención económica para a mesma por importe de 220.936.678 pesetas, segundo a documentación técnica que se acha no expediente desta sesión; e todo isto sen prexuízo de que, se se obtén a concesión desta Escola Obradoiro, se leven a cabo os trámites axeitados en orde á eficacia deste proxecto, que serán sancionados polo órgano competente deste Concello.

E sendo as sete e quince minutos do serán o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do que, coma Secretario accidental, certifico.-